

CURSO DE INICIACIÓN ORIENTACIÓN CON GPS NIVEL I

DATAS: 8 e 9 de marzo 2013 (venres tarde + sábado)

LUGAR:VIGO – SERRA DO GALIÑEIRO E ARREDORES.



NOME DO CURSO: Curso iniciación GPS Nivel I

LUGAR: Vigo (CM Xistra – Serra do Galiñeiro e arredores)

DATAS: 8 e 9 de marzo 2013 (venres tarde + sábado)

DIRECTOR: Xosé Henrique Freixeiro

PRAZAS: 6 prazas

1. DESTINATARIOS

Curso destinado a aquelas persoas que queiran iniciarse nas técnicas básicas de orientación en montaña con GPS. **É imprescindible ter coñecementos de**



CLUBE DE MONTAÑA XISTRA

Rúa Zaragoza 62 int. (fondo do patio)

36211 - VIGO

Apdo. Correos 5.430 – 36200 VIGO

Telf. 34 886 11 70 11

www.xistra.org

orientación con plano e compás (por exemplo, ter realizado o curso de orientación da Federación ou o Curso de Orientación en Montaña de Xistra. Deberá acreditarse.).

2. OBXECTIVOS

A finalidade do curso é a de facilitar a aprendizaxe das técnicas básicas dos GPS para utilizar na montaña: manexo básico, utilidades, problemas.

Os coñecementos adquiridos permitirannos a realización de percorridos con GPS cada vez máis interesantes e serán a porta de acceso máis segura a outras actividades de maior dificultade.

A orientación con GPS debe ser considerada como un elemento de seguridade na montaña, polas enormes vantaxes que representa en caso de perda, accidentes e rescates na montaña.

3. CONTIDOS

Manexo básico de GPS

Configuración do aparello

Utilización con planos 1:25000

Toma de referencias: tracks e waypoints

Comprobación sobre o terreo do aprendido

4. PROGRAMA

Venres

20:00 Recepción na oficina do C.M.Xistra.

20:15 Presentación do curso e profesorado.

20:20 Inicio de charlas teóricas e prácticas sobre GPS.

22:00 Peche xornada.

Sábado

10:00 Continuidade de charlas teóricas e prácticas de campo con mapa e GPS.

14:00 Comida.

16:00 Continuidade de charlas teóricas e prácticas de campo con mapa e GPS.

18:00 Conclusións e remate do curso.

Clube de Montaña Xistra

5. PROFESORADO

A relación profesor-alumno será de 1: 6.

6. PRAZAS

O número de prazas será de **6**, cubríndose por estrita orde de inscrición. Terán preferencia os socios de Xistra.

O número mínimo de asistentes para realizar o curso será de **4**.

7. HORAS LECTIVAS.

8 horas.

8. REQUISITOS.

- Solicitar inscrición e realizar o pagamento.
- Permiso paterno para os menores de 18 anos socios de Xistra (non se admitirán menores de idade de fora do club).

9. MATERIAL NECESARIO.

Equipo individual de baixa montaña, (roupa cómoda, fresca ou de abrigo e impermeable segundo as condicións), comida persoal.

Os GPS serán os propios de Xistra. En caso de que algún participante desexe traer o seu, pode facelo. De todas formas, o curso estará baseado no modelo Etrex de Garmin.

10. PREZOS.

Prezo socios de Xistra15€

Prezo para deportistas non federados en montañismo80€

Ver descontos en combinación con outros cursos.

11. INSCRICIÓN.

A inscrición farase en Xistra, por teléfono, fax ou correo electrónico.

A inscrición non será definitiva ata que se faga efectivo o pagamento.

A data límite será o 7 días antes (o venres anterior).



CLUBE DE MONTAÑA XISTRA

Rúa Zaragoza 62 int. (fondo do patio)

36211 - VIGO

Apdo. Correos 5.430 – 36200 VIGO

Telf. 34 886 11 70 11

www.xistra.org

12. INFORMACIÓN

CLUBE DE MONTAÑA XISTRA

Rúa Zaragoza 62 int. (fondo do patio)

36211 - VIGO

Telf. 34 886 11 70 11

www.xistra.org

A localización definitiva do curso queda supeditada a cuestións da a organización, polo que a mesma pode ser modificada con posterioridade, cuestión da que se informaría debidamente ós participantes.

Clube de Montaña Xistra